



Meiro. Fantasía de luz e color

Xosé Lois Ripalda

Meiro. Fantasía de luz e color. Un destes días en que a Natureza revive cumprindo o seu ancestral rito anual achegueime a Meiro, sentindo a frescura dun aire velaíño como se dunha andaina se tratase, nun ambiente ideal romántico e familiar, acheime nunha vizosa terra con enxidos e hortas con todos os produtos que compoñen os xantares galegos, con lobios onde pendurarán os acios de uvas e, no medio deles, algunha mazaira ou pereira. A aldea aparece de maneira escalonada con casas que soben pola aba da montaña e non se sabè se son de terra ou de ceo, construídas ao ir dos anos pola laboriosidade de homes e mulleres cunha arquitectura popular na que hai que salientar os magníficos alpendres ao final das escalinatas que lles dan acceso. Casas illadas e diferenciadas polas propias características que lle dan os seus donos, casas de aspecto alegre e acolledor, feitas de granito das canteiras dos arredores e de madeira das árbores propias da zona, que escoltan a freguesía como se toda ela se tratase dun pazo enfeitizado, onde viven fadas que non deixan entrar trasnos e meigas.

A paisaxe de Meiro é dunha beleza grandiosa merecente de ser inmortalizada polos pinceis dos pintores de máis sona. E non resulta nada doado saber cal é a vista máis fermosa que se ofrece

aos ollos do visitante, se a que se dixerá entrando na aldea ou a que se contempla dende o cumio da montaña que a preside. Meiro é un paraíso onde florecen variedade de árbores froiteiras como cerdeiras, pavieiras, figueiras xunto con mazaios e pereiras. Sen esquecernos das árbores de ribeira, como salgueiros, bidueiros, ameneiros entre outras a carón dos regueiros que baixan dende o cimo do pequeno orol en cuxas ladeiras se asenta a aldea. A iso fai alusión a palabra Meiro, de raíz preindoeuropea, que significa unha abana que a auga semella deitar e correr por todas as partes. Á parte das árbores devanditas están os carballos e castiñeiros, sen esquecernos dos piñeiros que medran mesmo entre rochas e erguéndose lizgaios, inzando as ladeiras dos outeiros marcando a súa silueta o horizonte entre o fusco e o lusco nun contraste de luz e umbre; pregoeiros da bonanza do tempo e agoreiros das treboadas. As súas pólas reciben os aloumiños do vento e transmiten un concerto de sons e mensaxes que durante as longas noites de invernia producen un grande acougo e afouteza.

A brancura e as distintas cores de tons rosados, amarelos, vermellos ou brancos da vexetación de Meiro dan á paisaxe un aspecto engaiolante cun forte arrecendo que se achega ata o derradeiro recanto da campiña á que

embaza a modo de incenso sacro convertido todo nunha sinfonía de cores dos que hai que salientar o verde. O verde das sementeiras e ribanzos, o verde do musgo que dormita pegado aos penedos, o verde umbrío e escintillante das copas das árbores, o verde avolto dos estanques e pozos, o verde lentreto das praderías enlamadas e recién trabadas polo gando, o verde mesto e apagado das figueiras, o verde punzante dos piñeiros, o verde dos castiñeiros nos soutos, o verde sanguento das carballeiras, o velaíño dos bidueiros, o verde dos fentos, xestas e carqueixas. Un verde único e total é o verde que se contempla en Meiro.

A vida galega ten unha base case exclusivamente agrícola, gandeira e pesqueira; iso determina que se conserve o carácter patriarcal e arcaizante dos costumes. Están en pé moitos usos anterros e ata moitas supersticións. O país galego é, polo xeral, arcaico, pero as aldeas agrícolas e mariñeiras como Meiro son as que moven o vivir galego cara adiante. O campo representa a forza conservadora e estática.

Aínda que o mar non se achega a Meiro, non por iso deixa de estar vencellado a el, pois son moitos os homes de aquí embarcados como mariñeiros que se dedican ás tarefas da pesca en longas xeiras afastados dos seus lares. Pero na aldea quedan mulleres e homes



Panorámica de Meiro.

e estes, aínda que por motivos de idade non poden ir ao mar, realizan as tarefas propias do campo. De maneira que terra e mar aparecen xunguidas con Meiro porque tanto os mariñeiros como os labregos teñen que mirar ao ceo para predicir que tempo os vai acompañar. Deste xeito o arado e o barco complementáanse e uns e outros comparten as alegrías e as mágoas.

E dentro das labouras agrícolas que se realizan na freguesía hai que salientar unha, neste tempo en que as cousas se realizan moi á presa e mesmo ás veces o egoísmo fainos perder as nosas tradicións; trátase da do cultivo do millo corvo que a xente do lugar recuperou tal e como facían os seus devanceiros. Este foi outro dos aspectos que calou en min dunha maneira moi fonda, pois non podía ser doutra maneira o degaro cón que a xente se afanaba nunhas labouras ancestrais e non só iso, senón para recordar que se poden facer cultivos ecolóxicos sen recorrer a produtos químicos. O espectáculo de ver traballar homes e mulleres aló onde o terreo o permite é todo un prodixio sobre todo cando todo se realiza de maneira manual e coa forza animal. Comeza a tarefa co abonado da terra, que se realiza cunha composición de estrume e bosta do gando; de seguido procédese a abrir o rego co legón e acondicionar os recantos do terreo co fin de que a laboura do arado sexa doada e poida virar sen atranco algún turrado pola paciente xugada de bois que sabe moi ben cal é o seu cometido. Así o rego queda disposto para recibir cada un dos grans que apreixa na man unha das mulleres e que se van colocando nas devasas abertas polo arado. A grade, como final, achanza a terra rematando así o traballo; agora a terra recén arada ofrécese con tons vermellos e negros, tremando espida, pero que pronto aparecerá cuberta de verde.

A laboura que nesta ocasión se viu acompañada ao final por un bullón de auga deses que de súpeto se presentan en primavera, unha chuvía que aquí, en Meiro, é paseniña, melfa, silandeira, formando no aire unhas finas estrias, cae e cae e non se sabe ben se cae de arriba ou se se ergue do solo ou se zumega da terra. Unha chuvía que ao escampar deixa o campo aclarado, brilla o sol nun ceo outra vez claro e azul e todo parece sorrir arredor.

Pero a xoula aínda continuará cando teña lugar a colleita das plantas e despois coa correspondente distribución das mazarocas no hórreo para rematar os grans neses muíños, que son unha linguaxe en pedra desa historia máxica propia de Galicia, onde se moerán en pedras chamadas negreiras, moi a tergo para esmiazar este cereal e que permitirán escoitar o son do cacarexo acompañado do monótono xirar da moa.

E ao fin como coroación de todo o espectáculo celebrárase a entrañable festa do millo corvo onde se poderán degustar unha serie de produtos elaborados con fariña do devandito cereal, empanadas recheas de produtos do mar onde podemos de novo apreciar a unión da terra coas salgadas augas e tamén doces nos que destaca a torta do millo corvo.

Meiro é un lugar dunha sonoridade especial vizosa vexetación, escintilante luz, unha luz lenta, opaca e difusa, como todas as terras que están preto do mar, unha luz que se fai mesta, morosa, uniforme e líquida, que cobre os obxectos, aplaca a furia dos contrastes e varía ao paso das horas; en Meiro hai un continuo roibén, un paseniño camiñar da luz que endexamais se interrompe.

A freguesía é un lugar de idrama vexetación, agradábeis arrecendos das plantas e flores. Meiro ten unha personalidade que non se deixa absorber polas normas xerais e igualatorias; en todo hai liberdade, fantasía, individualismo, romanticismo. Todas as alteracións da superficie, toda a libre e desordenada ordenación do arboredo, os pastos, as rochas e as augas veñen dunha intención de amor. O relevo e o tacto da terra, a cor, o ulido da campiña, as gradacións de luz, a fala peculiar das xentes e tantas outras cousas nos din que nos atopamos en Meiro, un sitio marabilloso para vivir, capaz de encher de satisfacción o máis esixente visitante, pois infunde sempre grandes degaros de volver.

O día xa vai esmorecen-

do cun solpor de ouro no horizonte; o terreo xa quedou, despois das tarefas, preparado para que pasado o tempo que lle corresponda dea o seu froito.

Meiro, como tantas freguesías galegas, é o resultado da integración de pequenos grupos, como a familia, noutros superiores, máis complexos: casa, arrabaldo ou localidade. En palabras de Castelao non son máis que o espallamento das primeiras células agrícolas que a través de moitos séculos chegaron a nós como legado da civilización das citanias e da cultura dos castros.

Emprendo o camiño de regreso ata a estrada principal pero antes dirixo a última mirada á aldea. O sol aínda se mantén no cumio do outeiro, onde nas súas abas a aldea semella pendurada, e reflíctese nas follas das árbores o que fai que estas semellen freixas verdecetes.

Por un momento veume ao máxím unhas palabras lidas non sei cando nin onde, pero a xeito para acompañar a emoción que estaba a sentir.

“Vivir sempre eiquí, no seo da vida natural e a felicidade, porque só é feliz quen se pode gabar de ser dono do que ama”.



Fonte do Foso. Meiro